



ENTIDADE LOCAL MENOR  
DE  
PAZOS DE REIS  
(TUI)

## INFORME DE INTERVENCIÓN

Esta intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b) 6ª do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítense o seguinte,

## INFORME

**Primeiro.** De conformidade co artigo 109 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, as entidades locais poderán ceder de forma total ou parcialmente gratuíta os seus bens patrimoniais:

- A outras Administracións ou Entidades Públicas.
- A Entidades privadas declaradas de interese público sempre que os destinen a fins de utilidade pública ou interese social, que cumpran ou contribúan ao cumprimento dos propios da entidade local.

Para iso, o expediente para á súa autorización deberá conter documentos indicados no artigo 110 do referido Regulamento.

**Segundo.** A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 109 e 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño.

**Terceiro.** Tramitándose nesta Corporación expediente para a cesión gratuíta do seguinte ben inmovible:

*Leira rústica situada na paraxe da Macoca, inscrita no rexistro da propiedade Tui, co número de leira 38705, libro 268, tomo 1354, folio 174 cunha superficie de 10.000 m<sup>2</sup>, linda polos todos seus aires coa parcela, segregada, co número de rexistro 1002 dá Entidade Local Menor de Pazos de Reis, inscrita no inventario de bens co número 1 B.1.00081 como ben patrimonial ou de propios e unha valoración de 520,72€*

**Cuarto.** En exercicio do mandato disposto no apartado d) do artigo 110 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, esta intervención, una vez consultado os estados da débeda desta entidade, ten a ben indicar:

- Que non existe débeda pendente de liquidación con cargo ao orzamento vixente correspondente ao exercicio 2020.

**Resultado da fiscalización:** Infórmase con carácter favorable

Pazos de Reis, 30 de novembro de 2020

O interventor

Alejo Ordóñez Méndez

